



# Singular. a r

IV Festival Internacional do monólogo teatral

7-29 de marzo 2019,  
Pazo da Cultura de Narón

Segue a actualidade do Festival:

[www.padroadodecultura.es](http://www.padroadodecultura.es)  
[facebook/padroadodeculturaconcellodenaron](https://www.facebook.com/padroadodeculturaconcellodenaron)  
[@culturannaron](https://www.instagram.com/culturannaron)



## Emilia

TEATRO EL BARRIO (Madrid)

22 marzo, 20:30 h

Pazo da Cultura

*Emilia* mostra a loita dunha muller, Emilia Pardo Bazán, que, a finais do século XIX, se empeña en ser ela mesma, é dicir, en conducirse de acordo cos seus desexos e vontade de escribir e participar na vida pública.

Emilia intentou ingresar na Real Academia Española. Sen éxito. A súa insistencia custoulle a reprobación de moitos dos seus contemporáneos, incluso despois de conseguir a admiración dalgúns outros. Por riba das polémicas, en *Emilia* sobresa a figura dunha muller forte, intelixente e extraordinariamente divertida.

*Emilia* é a primeira dunha triloxía de Teatro del Barrio, "Mujeres que se atreven". Unha triloxía de mulleres relevantes que loitaron para que a sociedade as recoñecese como iguais.

**Ficha artística:** Dramaturxia e Dirección: Anna R. Costa |  
Intérprete: Pilar Gómez | Texto: Noelia Adánez | Iluminación: Raúl Baena | Elementos escenográficos: Teatro del Barrio | Vestiario: Ana Labrador | Perruquería: Montse Ortega | Chapeu: Biliána Borissova | Producción executiva: Sara F. Valencia | Axudante de dirección e produción: Pablo Esguevillas



## Tanatorium

FÉLIX ALBO (C. Valenciana)

23 marzo, 20:00 h

Pazo da Cultura

Un home entra no vestíbulo dun tanatorio xusto no momento no que se vai a luz. A escuridade, o forzado silencio e a incómoda humidade que se respira no lugar evócalle un soliloquio co que percorre trazos de distintas vidas até chegar á súa propia.

**Personaxes discolos, como non (un tío avó coa súa parella de Almansa, un grupo de adolescentes desnortados con moto, unha rapaza ao pé dunha estrada...), que provocan situacións non menos disparatadas.**

**Ficha artística:** Autor: Félix Albo |  
Dirección: Félix Albo | Intérprete: Félix Albo | Escenografía: Félix Albo Producciones e El Árbol Rojo |  
Iluminación: Ángel Salcedo |  
Vestiario: Ángeles Soriano |  
Produción: Félix Albo Producciones

## Anatomía dunha serea

MONA PRODUCTORA (Galicia)


29 marzo, 20:00 h

Café Teatro Pazo da Cultura

*Anatomía dunha serea* é unha peza de teatro documental construída sobre a memoria e a experiencia persoal da actriz Iria Pinheiro como nai e como vítima da violencia obstétrica. Trátase ademais dunha obra de teatro autobiográfica e con carácter testemuñal, pois a voz en primeira persoa da protagonista é tamén o testemuño directo de alguén que viviu os sucesos e acontecementos reais que se contan na obra.

O tema central deste traballo é a violencia obstétrica. Enténdese por violencia obstétrica calquera acción que patoloxice os procesos reprodutivos naturais e biolóxicos.

**Ficha artística:** Actriz: Iria Pinheiro | Dirección: Xron | Escrita: María Lado, Iria Pinheiro | Iluminación e escenografía: Suso Jalda | Espazo sonoro: Iria Pinheiro, Xacobe Martínez | Produción e axdte. de dirección: Patricia de Lorenzo



7-29  
marzo  
2019

Pazo da  
Cultura  
de Narón

# Singular.

Singular, Festival Internacional do Monólogo Teatral nace co obxectivo de potenciar as propostas dramáticas unipersoais. O soliloquio forma parte da historia do teatro desde os seus inicios, xeralmente en accións dramáticas que formaban parte de propostas corais. A mediados do século XX desenvólvense monólogos dramáticos asociados á vangarda teatral. A finais do século XX explora como fenómeno de masas o monólogo cómico que conta cunha popularidade que fai habitual o desexado cartel de "Non hai localidades!".

Singular pretende unir a tradición teatral, a innovación dramaturxica e os alicerces básicos do exitoso monólogo humorístico. Unha liña combinada de traballo atractiva para todo tipo de público. Esperamos poder contar co público habitual do teatro e con esa nova audiencia que asocia os seus primeiros achegamentos ao mundo da cultura a través das propostas cómicas.



## Los días de la nieve

ROSARIO PARDO (Andalucía)

9 marzo, 20:00 h

Pazo da Cultura

Unha costureira está a piques de rematar a súa última encarga: un vestido azul de mar. A persoa que llo encargou presencia estes últimos retoques. Entre puntada e puntada, a costureira rememora a súa vida, evócaa, volve vivila. Recordos de poesía, de amor e de días de sufrimento. Unha paixón histórica que morreu no cárcere, un pai fusilado na guerra, unha garganta que encerra segredos. Esa costureira chámase Josefina Manresa e o seu amor, Miguel Hernández. Quen agarda polo vestido?

**Ficha artística:** Autor: Alberto Conejero | Dirección: Chema del Barco | Intérprete: Rosario Pardo | Axudante de dirección: Juan Vinuesa | Escenografía e iluminación: Manuel Ramos | Deseño de vestiario: Pier Paolo Álvaro | Fotografía e deseño gráfico: Javier Mantrana | Producción: Compañía Rosario Crespo

MESA REDONDA:

## Como enfrentarse á creación dun espectáculo unipersoal

Interven: María Barcala, Marian Bañobre, Mercedes Castro, Xesús Ron  
Modera: Flor Maceiras

7 marzo, 19:00 h

Café Teatro Pazo da Cultura



## Un sueño, una casa, medio siglo y muchas historias

FREDDY GINEBRA (Rep. Dominicana)

10 marzo, 19:00 h

Café Teatro Pazo da Cultura

Entre contos e testemuños nárrese a historia da fundación dunha casa de teatro, poesía, danza, fotografía e música no centro da cidade colonial de Santo Domingo. Todos os obstáculos e conquistas nunha época difícil de ditadura onde pensar diferente podíase pagar coa vida.

**Freddy Ginebra, o seu director e xestor, combina con intelixencia e humor os avatares para manter a salvo esa institución sen fins de lucro.**

**A vida é un merengue, di o presentador, un merengue que se saborea con sancocho e ron.**

**Ficha artística:** Intérprete: e  
idea orixinal: Freddy  
Ginebra

## Yo no estoy loca

TEATRO PETRA (Colombia)

16 marzo, 20:00 h

Pazo da Cultura

A historia (as historias) dunha muller que escapa do tradicional, nunha sociedade onde o tradicional é deixar pasar, calar, soportar. Historias que parecen de ficción, pero que están ¡todas! baseadas na vida real. Todo o que aquí van ver, pasou.

**Ficha artística:** Para ser dita e feita por Marce Valencia | Escrita e dirixida por Fabio Rubiano | Dirección de Arte Laura Villegas | Deseño de Iluminación Adelio Leiva | Fotografía Pablo Salgado | Montaxe e produción de escenografía Laura Forero | Abrigo Carlos Kitten | Asistente de deseño Laura Cuervo | Asistente de deseño gráfico Diana Salgado | Asistente de dirección e produción Mauricio Santos



## Empapelado amarelo

AQUINTADOCUADRANTE (Galicia)

15 marzo, 20:30 h

Café Teatro Pazo da Cultura

A muller protagonista, da que descoñecemos o nome, ten dentro de si unha chea de historias que desexa contar, e que lle bulen na cabeza con ansias, quizais utópicas, de transformar o mundo. Chegado un momento crúzase nesa vida dedicada á escritura un médico de prestixio que semella ser o seu complemento perfecto, aínda que ela endexamais tivo inclinación por amoldarse aos convencionalismos sociais con respecto á parella e a maternidade. Pouco a pouco vai cedendo terreo aos desexos dese home, casando e quedando grávida.

**Ficha artística:** Autora do relato: Charlotte Perkins Gilman | Intérprete: Melania Cruz | Dirección: Tito Asorey | Escenógrafa e iluminadora: Laura Iturralde | Vestiario: Renata Uzal | Axudante de dirección e imaxe gráfica: Lucía Estévez